


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

19-20-21 de marzo do 2021

### V DOMINGO DO TEMPO DE CORESMA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Andarei na presenza do Señor*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir este tempo da Coresma en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

En todos estes días de coresma seguimos preparándonos para a Pascua. Damos un pasiño máis neste noso camiño.

Xa nos imos achegando á Pascua e Xesús explícanos que o importante da vida non é tela senón DALA. Ponnos de exemplo a semente na terra.

Por iso o lema para esta semana é SACRIFICIOS - ESFORZOS.

Significa que a Coresma é tempo de esforzo e de elixir entre que facer ou que non facer.

No tempo de pandemia que estamos a vivir, e despois de todo un ano, esíxenos moito sacrificio e moito esforzo con respecto a nós mesmos e aos demais. O que máis nos pode costar é manter a esperanza de que temos que seguir sementando VIDA.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Con Xesús queremos ser semente enterrada para mellorar este noso mundo. Semente de paz para todas as persoas rodeadas de violencia, semente de igualdade para todas as mulleres, semente de perdón para medrar na tolerancia e no respecto.*

*Dos froitos que aínda non damos queremos agora pedir perdón:*

### Monitor/a

➤ Perdoa, Señor, as veces que nos sobran palabras e nos faltan froitos.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Perdoa, Señor, as veces que nos faltan caridades e nos sobran envexas.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Perdoa, Señor, ás veces que non queremos ser semente do evanxeo nesta terra.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

**Celebrante** *Sempre vale a pena pedir perdón de verdade, arrepentirnos e facer cousas que demostren ser mellores.*

*Esforcémonos: por escoitar máis á xente que a ti mesmo; por non falar mal, nin de ninguén; por non ter envexa dos demais; por levar os días con tranquilidade e paciencia; e Deus Todopoderoso teña misericordia de nós porque somos capaces de recoñecer o noso pecado, e nos leve á vida eterna. Amén*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** *Rematamos a primeira parte da celebración agradecéndolle ao Señor todas as persoas que en nós sementaron boas cousas: comprensión, amabilidade, preocupación, e tantas outras.*

*(silenzo)*

### Celebrante

Deus, Noso Pai, o teu fillo entregouse á morte por amor como semente de vida nova.

Concédenos a graza de vivirmos con gozo no seu mesmo espírito de caridade, para sermos seitura dun mundo novo con vocación de eternidade.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Xer 31, 31-34** **LECTURA**

## LECTURA DO LIBRO DO PROFETA XEREMÍAS

**Velaquí os días  
-é o Señor quen fala-  
nos que pactarei coa casa de Xudá e co reino de Israel  
unha alianza nova;**

non coma a alianza que pactei cos seus pais,  
o día no que os collín pola man  
para os sacar do país de Exipto;  
pois eles quebrantaron o meu pacto,  
aínda que eu seguín sendo o seu Señor  
-é o Señor quen fala-.

Velaquí o pacto que eu hei pactar coa casa de Israel  
despois deses días -é o Señor quen fala-:  
hei meter a miña lei nas súas entrañas,  
escribereina nos seus corazóns,  
serei para eles o seu Deus,  
e eles serán para min o meu pobo.

Xa ninguén terá que instruír o compañeiro,  
xa ninguén terá que instruír o seu irmán,  
dicíndolle: "Respectade o Señor";  
senón que todos eles me farán caso,  
desde o máis noviño ao máis grande  
-é o Señor quen fala-,  
pois eu perdoareille a súa iniquidade,  
e xa non me lembrarei máis dos seus pecados.

### Palabra do Señor

♪ 41 ♪ *Quen nos vai separar* SALMO

(en pé) Xn 12, 20-33 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela algúns dos que subían a adorar no día da  
Festa eran gregos. Achegáronse a Felipe, o de Betsaida de  
Galilea, e pedíronlle:

- Señor, queremos ver a Xesús.

Foi Felipe e díxollo a Andrés; Andrés e máis Felipe  
foron dicírllo a Xesús. Xesús respondeulles:

- Chegou a hora de que sexa glorificado o Fillo do  
Home. Évos ben certo: se o gran de trigo cae na terra pero  
non morre, quedará el só; pero se morre, dará froito  
abondoso. Quen ama a súa vida, pérdea; mais quen dá a  
súa vida neste mundo, poñeraa a salvo para unha vida  
eterna. Se alguén quere servirme, que me siga; e alí onde  
estou eu, estará tamén o meu servidor. Se alguén me  
serve, hao honrar o Pai. Agora o meu espírito está  
turbado. E que hei de dicir: Pai, sálvame desta hora? ¡Pero  
se para iso cheguei a esta hora! Pai, glorifica o teu Nome.

Chegou entón unha voz do ceo:

- Xa o glorifiquei, e glorificareino aínda de novo.

Ao oílo o xentío alí presente, dicía que fora un trono;  
outros dicían: "faloulle un anxo". Xesús interveu dicindo:

- Esta voz non foi por min, senón por vós. Agora é o  
xuízo deste mundo; agora ao príncipe deste mundo vano  
botar fóra. E eu, cando me ergan da terra, atraerei a todos  
cara a min.

Dicía isto, indicando de que morte había de morrer.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

5º de CORESMA



## SACRIFICIOS - ESFORZOS

A coresma é tempo para facer un esforzo, e debemos tomar duras decisións, é momento de elixir: que facer ou que non facer



### Esforzos a facer:

Escoitar máis á xente que a ti mesmo.  
Non falar mal, nin de ninguén.  
Non ter envexa dos demais.  
Levar os días con tranquilidade e paciencia.

### Evanxeo de Xoán 15, 13

Ninguén ten amor máis grande que este: dar a vida polos amigos.



### 1ª carta de Xoán 4, 9-10

Nisto consiste o amor: non en que nosoutros amaramos a Deus, senón en que El nos amou e enviou o seu fillo para que nos dera a súa vida, e nos acadara o perdón.



A piques de rematar o tempo da coresma, achegámonos a compartir a fe como familia para facernos cribles.

Queremos hoxe descubrir que o esforzo de Xesús ata a cruz non foi froito da mala sorte, nin da casualidade, nin da improvisación, senón da COHERENCIA.

El entrega a súa vida, quere facelo. Quere ser semente botada en terra, e non teme a escuridade, pois é nesa fondura onde xermola vida nova e esperanza nova.



Só cando a semente morre, só cando deixa de ser semente é posible que dela nazan froitos novos. Só quen dá vida se enche de vida, só cando un se dá aos demais sente que os demais enchen a vida de un.

A quen enchemos de vida?, e quen nos enche de vida a nós?.

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** Neste encontro familiar, sabendo Señor que Ti sempre estás á nosa beira, queremos facer camiño de coresma para chegar á Pascua. Dicimos.

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

### Monitor/a

Credes en Deus

que se nos dá coma un Pai e unha Nai e que nos acolle coma o seu pobo?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes en Xesús,  
o seu fillo benquerido,  
que, coma sementes na terra,  
convídanos a dar a vida  
para estar cheos de vida?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes no Espírito de Deus  
que dende a coresma nos encamiña á PASCUA,  
e á GLORIA DA RESURRECCIÓN?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes na igrexa do fogar,  
comunidade acollida por Deus  
e chamada a sementar e colleitar froitos de vida eterna?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Señor, nós, como familia, e coas xentes que formamos a comunidade de Os Cotos queremos compartir esta oración, estes desexos, este xeito de vivir, estas sementes, por iso dicimos:

### PAI, AXÚDANOS A DAR FROITO

#### Monitor/a

✓ Presentámosche o clamor de todos os pobres do mundo, e que están demandando os nosos froitos de solidariedade. Por iso rezamos

✓ Presentámosche a todas as persoas que están sementando tempo, esforzos, algo da súa vida, polos esquecidos e marxidados. Queremos estar con eles. Por iso rezamos

✓ Presentámosche oración por todas as persoas que traballan no campo, que vexan valorados e recompensados os seus esforzos. Por iso rezamos

✓ Presentámosche tamén oración polas familias que por unhas ou outras razóns non van ter unha boa Pascua. Por iso rezamos

✓ Presentámosche tamén oración por todos nós, que despois de un ano seguimos un pouco asustados con todo isto da COVID-19, e por todas as persoas que traballan no eido da saúde. Por iso rezamos

**Celebrante:** Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

### 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Xesús apréndenos a rezar coa súa propia vida, pois El dáa para que nós teñamos parte con El.*

*Así de confiados e cheos de esperanza rezamos:*

*NOSO PAI*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *A paz dá sentido a unha familia e a unha comunidade que sabe que Xesús está no medio dela, facéndoa acolledora con todos. Agradecidos sementamos nesta terra a paz do corazón, a paz do EVANXEO.*

#### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

**Celebrante:** *Compartir a fe é comprometer a vida en construír o Reino que trouxo Xesús. Como fixo El aprendamos a dala sabendo que a vida auténtica require sacrificio e esforzo, pois non hai VIDA crible se non é en entrega e doazón.*

*Ditosos nós que hoxe somos acollidos e convidados a facer crible este EVANXEO do Señor.*

 **No colo da miña nai ou Non vou só**

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Oremos,

Deus, noso Pai, Ti aléntasnos coa túa Palabra e aliméntasnos co pan da vida, que enche a nosa fe, fai medrar a esperanza e enfortece a nosa caridade.

Axúdanos a ser semente de evanxeo para dar froitos que fagan medrar a dignidade desta terra na que compartimos. Por Cristo, noso Señor.

*Con Xesús queremos pousar a nosa mirada nos seminaristas que se forman para no mañá, sendo sacerdotes, dar vida ao evanxeo.*

*Con Xesús queremos medrar atrevéndonos a mellorar a igrexa para que sexa semente de paz, xustiza e agarimo.*

*Con Xesús non queremos nin podemos calar a guerra silenciosa que hai en Siria cada día, e da que van xa dez anos.*

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.**

Seméntate, medra, e ...



Comparte

“Se o gran de trigo sementado MORRE  
dará FROITO abondoso”

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe*

## Domingo 5º de Coresma: Unha esperanza entregada

Señor, ti disme que “o gran de trigo cae en terra, morre e dá moito froito”.

Quero ser:

Gran de trigo, pouca cousa na palma da man.

Gran de trigo, tan pequeno no campo onde me sementen.

Gran de trigo, que penetre fondo no corazón da terra.

Gran discreto, que me escondo pero o meu corazón permanece en vela.

Gran de trigo entregado, que a miña espera transcorra enchéndose de vida na fondura da terra.

Gran que morre, que me baleire do meu mesmo.

Gran ergueito, que tallo e follas lévenme cara á luz.

Gran que florece, que a miña vida se encha de froitos. Que sexa servizo gratuíto, semente de esperanza entregada para todos.

Material de Coresma da Diocese de Ourense para o ano 2021



## SACRIFICIOS - ESFORZOS

A coresa é tempo para facer un esforzo, e debemos tomar duras decisións, é momento de elixir: que facer ou que non facer



### Esforzos a facer:

Escoitar máis á xente que a ti mesmo.

Non falar mal, nin de ninguén.  
Non ter envexa dos demais.

Levar os días con tranquilidade e paciencia.



### Evanxeo de Xoán 15, 13

Ninguén ten amor máis grande que este: dar a vida polos amigos.

### 1ª carta de Xoán 4, 9-10

Nisto consiste o amor: non en que nosoutros amaramos a Deus, senón en que El nos amou e enviou o seu fillo para que nos dera a súa vida, e nos acadara o perdón.

